



# PROXECTO

## Do des-equilibrio á des-carbonización

**AMÁMOA**  
ASOCIACIÓN CULTURAL  
LUOU - TEO



CONCELLO  
DE TEO

**feitoriaverde**  
cooperativa de promoción ambiental

O patrimonio material e inmaterial dun territorio constitúe un referente vital, non só para o día a día das persoas que poden gozar directamente del, senón para todas aquelas que queiran aprender a vivir dunha forma sustentábel e feliz.

A Asociación Cultural da Mámoa de Luou é un bo exemplo de todo o que se pode facer para aproveitar os tesouros que nos deixaron os nosos avós e avoas (bisavós, bisavoa e demais), e construír unha comunidade que fai e que vive sacando partido do que ten, e máis.

**O proxecto desenvolto pola cooperativa Feitoría Verde, “Do Des-Equilibrio á Des-Carbonización” quere ser un espazo máis para aproveitar e aprender do noso patrimonio, recuperando prácticas do pasado, ligando a sabedoría tradicional coa sustentabilidade e a vida en comunidade a través dunha serie de actividades nas que conxugar o ben común, a historia e a loita fronte o cambio climático. Boa mestura, non?**

# PROXECTO **Do des-equilibrio á des-carbonización**



## En que consiste?

De febreiro a xuño, organizaranse, cada terceiro fin de semana do mes, actividades nas que coñecer como faciamos e como facemos para alimentarnos, producir enerxía, movernos ou convivir, entre outras moitas cousas, a través de roteiros, encontros con sabios e sabias da parroquia e obradoiros.

As actividades están dirixidas a todas as idades e, de feito, gustaríanos moito contar con persoas e familias que queiran compartir coñecementos pasados e presentes, coñecendo elementos do patrimonio da parroquia (muíños, terras de cultivos, coplas, contos, etc.) e a súa relación co medio ambiente, en xeral, e co cambio climático e a sustentabilidade en particular.

## Como podes apuntarte?

No correo **feitoria.verde.difusion@gmail.com** e no teléfono **636 570 578** indicando o número de participantes e os seus datos de contacto.

O ideal para nós é que as persoas que se apunten participen en todas, ou case todas, as actividades que se organicen, co fin de facer grupo.

As actividades estarán organizadas conxuntamente pola A.C. A Mámoa e o Concello de Teo e serán gratuítas.

O obxectivo final deste proxecto é recoller testemuñas, coplas e demais elementos do patrimonio inmaterial da parroquia para elaborar unha audioguía na Ruta das Muíneiras.

## Calendario (provisional)

Febreiro	<b>Como faciamos e como facemos para producir alimentos</b>
Marzo	<b>Como faciamos e como facemos para producir enerxía</b>
Abril	<b>Como faciamos e como facemos para movernos</b>
Maio	<b>Como faciamos e como facemos para cociñar</b>
Xuño	<b>Festa, avaliación e peche</b>